

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o mércores, 23 de novembro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 21/16, do 4 de novembro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos de Ferrol, do 31/10/2016, recaída no recurso PA 223/2016, interposto por Mapfre Familiar, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 04/11/2016, recaída no recurso PA 202/2016, interposto por Axa Global Direct Seguros y Reaseguros e dona María Belén Suárez Barcia, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 04/11/2016, recaída no recurso PA 217/2016, interposto por don José Grela Pardal, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no PO 268/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, interposto por Área Quatro, SL, sobre inadmisión do recurso extraordinario de revisión.

6.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 265/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, interposto por Asociación de Padres de Niños Paralíticos Cerebrales, sobre desestimación do recurso de reposición de regularización de pagos.

7.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso contencioso administrativo nº PO 4460/2016, interposto por Espina y Delfín SL, Giga Gabinete de Ingeniería SL e Avansig SLL UTE, contra a resolución 601/2016 do 22/07/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no Recurso 544/2016 C.A. Galicia 77/2016, sobre o acordo de adxudicación do "Servizo de actualización, análise e mantemento da EIEL (Enquisa sobre Infraestruturas e Equipamentos Locais) da provincia da Coruña".

8.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 21/2016, que se tramita á entidade Madefer Fernández, SL.

Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia número 25213 de 2016 pola que se avoca a modificación das bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, ano 2016 e a aprobación e modificación de bases reguladoras específicas de programas de servizo de acción social, cultural e deportes.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

10.-Toma de coñecemento de Resolucións da Presidencia de avocación de competencias.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

11.-Aprobación da liquidación definitiva do complemento de produtividade correspondente ao exercicio 2015 respecto dos empregados e empregadas afectadas polo acordo do 28/10/2016.

ROGOS E PREGUNTAS